EXAME DE PENDENTES 1º BACHARELATO

Sergio Lestón 2º bacharelato B

Se hai uns anos a pregunta era se leriamos libros nunha pantalla, a de hoxe só pode ser cando será esa a opción maioritaria. Por iso os editores galegos teñen que moverse canto antes. Cando a porción galega de avanzados tecnolóxicos adquira os seus e-readers, que lecturas atopará no seu idioma? Por agora, poucas.

É probable que o ebook nunca substitúa o libro en papel, pero está claro que copará unha cota de mercado crecente. Se esa primeira fornada de usuarios non dispón de novidades literarias e títulos de interese en galego, vainos ler noutras linguas. E será un lastre que se pode arrastrar moito tempo. É mellor non chegar tarde para non ir un paso por detrás, porque no salto ao libro electrónico non se trata só de gañar novos lectores para o galego, senón tamén de non perder os actuais.

Pode que isto non ocorra hoxe, pero si mañá, para o que hai que preparar xa o escenario. Agardemos que cando vostede, lector, adquira o seu e-reader, poida contar cun bo feixe de novidades en galego.

Moisés Álvarez, en *Novas de libros* nº 6 (novembro 2009) [adaptación]

1. Indica o tema do texto e analiza a súa estrutura. [1,5]

2.

a) Ecolle un destes dous temas e desenvólveo: [1,5]
- *A literatura galega do Prerrexurdimento*.
- *Rosalía de Castro: vida e obra* (só títulos).

b) Ordena os seguintes movementos literarios de máis antigos a máis recentes e sinala o nome dun autor ou autora de cada un deles: [1]

Séculos Escuros – Rexurdimento - Lírica trobadoresca galego-portuguesa - Prerrexurdimento

4. Fai un esquema das variedades da lingua. [1]

5. Define *bilingüismo* e *diglosia*. [1]

6. [2]

a) Cambia o xénero gramatical: xudía > muradán > campión >

b) Pon diante de cada palabra o artigo masculino ou feminino que lle corresponda:

paisaxe ele (letra) legume arte calor

cárcere orde análise marxe contrasinal

c) Escribe o plural: mantel > mesa de noite > chuchamel > fósil >

7. Analiza morfoloxicamente as seguintes formas verbais: temo, marchasen, traduciu, pediría. [1]

8. Sinala as perífrases verbais destas oracións e indica o seu valor: [1]

- O cadro debeu caer cando non estabamos na casa.
- A nosa nova canción está sendo un éxito.